

Porque, porqué ou por que?

Porque, por que, porqué, porqués... Sentes unha lixeira incomodidade ao ler esta secuencia? Algo de fastío? Non te preocupes, é a reacción lóxica. Pero, aínda que parece algo complicado, o certo é que nun par de minutos podes aprender o que fai falta para non cometer ningún erro.

Porque

Vou porque quero.

É unha conxunción que expresa unha causa ou unha finalidade. Responde a unha potencial pregunta *Por que...?* Sinónimo de *posto que* ou *xa que*. Probablemente sexa o caso máis frecuente. Asegúrate de sabelo identificar ben.

Porqué

Xa coñecín o porqué do seu enfado.

É un substantivo masculino, esixe un artigo diante e pode ir en singular ou en plural. É sinónimo de *motivo*. Como vedes, tamén é moi fácil de distinguir.

Se entendestes estes dous apartados xa tedes todo practicamente solucionado. Aínda que agora vén o interesante...

Por que

Por que¹: *Por que o fas?*

Aquí temos un pronome interrogativo. Nunha interrogativa directa, ao levar os signos de interrogación, non resulta problemático. Por suposto, non leva acento gráfico.

Tamén aparece nas interrogativas indirectas:

Dime por que o fas.

En ambos os casos temos que poder inserir “razón” despois de *por que*. Se queremos ser máis expresivos, sacamos “razón” e poñemos “demo”:

Por que razón o fas? Dime por que razón o fas.

Por que²: *É o motivo por que te chamei*

Representa a combinación da preposición *por* e o pronome relativo *que*. Neste caso, podemos inserir un artigo entre ambos:

*É o motivo **polo** que te chamei.*

Por que³: *Fixo por que a chamaran antes.*

A preposición *por* aparece porque o verbo esixe o seu uso para expresar un determinado significado, é dicir, o verbo rexe esta preposición (*mirar por, facer por...*).

Mirou por que me tratasen ben.

Este non é un caso moi frecuente, estatisticamente falando é mellor centrarse no resto.

Un atallo sen ningún traballo

Como vedes, os casos máis difíciles de identificar corresponden ao **por que** separado. Entón, o máis sinxelo será identificar cando se escribe xunto:

- Cando introduce unha causa ou unha finalidade.
- Cando é un substantivo masculino equivalente a *motivo*.